



CONCELLO DE  
OLEIROS

## Certificado

Asunción Sardón Blanco, secretaria xeral do Concello de Oleiros (A Coruña).-

### CERTIFICADO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno, que tivo lugar o día 26 de xullo de 2012, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

"Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, do expediente denominado "Rede de Camiños Públicos Municipais". Resolución dos recursos presentados

"Polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 26.01.2012, acordouse resolver as alegacións presentadas e aprobar definitivamente a REDE DE CAMIÑOS PUBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

O acordo notificouse aos alegantes e publicouse anuncio no BOP de 1 de marzo de 2012 nº 42.

Transcorrido o prazo para a interposición de recurso de reposición potestativo e previo á vía contencioso-administrativa, presentáronse os seguintes recursos:

- 08.02.12, nº 1478, LUIS GOMEZ ARAUJO.
- 06.03.12, nº 2823, 2822, 2821, 2820, EDUARDO SOLORZANO MIRANDA.
- 12.03.12, nº 3274, RAMON HERMIDA OREONA e OUTRO.
- 12.03.12, nº 3281, RAMON HERMIDA OREONA.
- 27.03.12, nº 4075, Mª SUSANA BLANCO MONTERO.
- 27.03.12, nº 4078, Mª AURORA MONTERO NUÑEZ.
- 28.03.12, nº 4182, PEDRO GAREA GESTAL.
- 28.03.12, nº 4128, JOSE MANUEL DIAZ GARCIA e OUTRA.
- 30.03.12, nº 4226, JESUS-RICARDO SANCHEZ BESTILLEIRO.
- 16.04.12, nº 5143, FERNANDO PEREZ SUAREZ.
- 20.04.12, nº 5434, ROBERTO LOPEZ GONZALEZ e OUTRO.
- 25.04.12, nº 5703, Mª DEL CARMEN ROEL BARREIRO.

Pola Coordinadora de Urbanismo emitiuse informe que di:

#### "INFORME.-

1.- LUIS GOMEZ ARAUJO, de 08.02.12, nº 1478.

Alega que existe erro no trazado do camiño público de titularidade municipal nº 160, faise discurrir sobre a parcela 13-C da Urbanización Bastiagueiro e non entre as murallas dos chalets existentes como debería figurar. Aporta escritura de propiedade, fotografía da rede de camiños municipais, plano parcelario da Urbanización Bastiagueiro, plano de ordenación do PXMO e cédula catastral.

Informe.- Comprobada a documentación aportada ten razón o recurrente, hai un erro no grafiado do ramal do camiño 160, debéndose reflexar como tal o que figura con aliñacións no PXMO pois é o que coincide cos planos da Urbanización Bastiagueiro e cos planos catastrais.

Por isto procede estimar o recurso de reposición presentado por LUIS GOMEZ ARAUJO, 08.02.12, nº 1478 e proceder á corrección en planos e fichas individualizadas de camiños, vías e rúas de titularidade municipal o grafiado do vial nº 160.

2.- EDUARDO SOLORZANO MIRANDA, de 06.03.12, nº 2823, 2822, 2821, 2820.

Escrito nº 2823.- Proponse estimar parcialmente o escrito e incluír en fichas de camiños 90464 e 90465 o matiz de que é público nos tramos xa cedidos, e de tránsito difícil.

Escrito nº 2822.- Si confirmar que é privado, non figura na rede de camiños.

Escrito nº 2821.- O tramo que discorre entre as parcelas catastrais 3637808NJ5033N e a 3637822NJ5033N e 3637809NJ5033N é público, utilizouse desde tempo inmemorial pola xente do lugar para ir á fonte e ao lavadeiro, e o resto tamén é público polo convenio subscrito no seu día co Concello. Por tanto confírmase o vial 90459 tal como está grafiado no inventario.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Escrito nº 2820.- Non se entende o que solicita. Non obstante dado que o Concello tramitou a expropiación e a pagou, conclúese que o sendeiro é de titularidade municipal adquirido por expropiación e isto é o que se grafia no inventario.

**3.- RAMON HERMIDA OREONA e OUTRO, de 12.03.12, n° 3274 e n° 3281.**

Solicita a incorporación como camiño municipal dun tramo a continuación da Rúa da Lapa en Lorbé. Aporta informes municipais, autorización para a realización de obras de acometida de residuais e ademais figuraba como público na rede de camiños anterior, aprobada polo Concello Pleno en sesión de 14 de novembro de 1985.

Informe.- Na rede de camiños municipais aprobada polo Concello Pleno en sesión de 26 de xaneiro de 2012, eliminouse o camiño da Lapa, manténdose unicamente o tramo que discorre polo solo urbano.

Se ben é certo que de conformidade co artigo 609 do Código Civil, a propiedade e os demais dereitos sobre os bens adquirense, entre outras, pola ocupación e tamen por medio da prescrición. Así o art. 1940 do Código Civil establece que para a prescrición ordinaria do dominio e demais dereitos reais necesítase poseer as cousas con boa fe e xusto título polo tempo determinado na lei e que a posesión debe selo en concepto de dono, pública, pacífica e non interrompida (art. 1941). O dominio e demais dereitos reais sobre bens inmoables prescribese pola posesión durante dez anos entre presentes e vinte entre ausentes, con boa fe e xusto título.

No suposto en cuestión se ben existe xusto título en canto que o acordo plenario de 14 de novembro de 1985 se adoptou co procedemento e formalidades que a normativa requería, non obstante polos feitos ocorridos entre os veciños lindantes do camiño poñen de manifesto que non existe unha posesión pública e pacífica por parte do Concello, posto que os titulares de terreos colindantes se opoñen a que outros veciños poidan dispor do uso e disfrute do camiño coas condicións que corresponden á natureza de dominio público, como por exemplo o discurrir unha rede municipal polo subsolo do camiño con autorización unicamente do Concello. Tampouco o Concello realizou, no tramo en cuestión pola zona de solo rústico de protección agropecuaria, accións de conservación e mantemento do mesmo que puidera presumirse a posesión do mesmo durante o prazo de prescrición.

O actuar dos titulares dos terreos colindantes pon de manifesto que estamos ante un camiño veciñal, que segundo a xurisprudencia pertence por metades aos donos dos predios colindantes e son camiños de uso privativo que non satisfacen ningunha necesidade propia da colectividade, entendendo por tales os construídos como elementos auxiliares ou complementarios das actividades específicas de seus titulares, que define o artigo 3 da Lei 25/1988, de estradas. Os camiños forestais en montes privados ou públicos constitúen un bo exemplo de vías de servizo no ámbito rural.

Por isto procede desestimar o recurso presentado e confirmar os planos e ficha individualizada do camiño de titularidade municipal tal como figura na ficha do inventario aprobado.

**4.- Mª SUSANA BLANCO MONTERO, de 27.03.12, n° 4075, e Mª AURORA MONTERO NUÑEZ, de 27.03.12, n° 4078.**

Solicitan que se declare nulo, anule ou revoque e deixe sen efecto a aprobación completa del inventario de bens do Concello de Oleiros, anulando a cancelación de calquera asento rexistral que se teña realizado no Rexistro da Propiedade derivado desta aprobación, declarando igualmente a nulidade de todo o procedemento de aprobación.

Con carácter subsidiario se declare a nulidade da inclusión no inventario de bens do Concello de Oleiros do camiño nº 938 de dito inventario e se deixe sen efecto dita declaración e inclusión no inventario municipal do ben obxecto de súa propiedade.

Alegan:

- Disconformidade a dereito do plan de camiños vecinais para poder adquirir a propiedade polo Concello de Oleiros.

- Nulidade do procedemento e do acordo de aprobación completa do inventario de camiños municipais sobre a base de infracción do art. 62.1ºe) e subsidiariamente a anulabilidade fundamentada no art. 63.2 da Lei 30/92 e art. 72 do Regulamento de Bens. Vulneración do art. 45 e seguintes do RB e do art. 86 do Texto Refundido 781/86 de 18 de abril, en relación co 17.1 do RB.

- Fundamenta a titularidade de parte do camiño na escritura pública de 6 de xullo de 1978 na que aparece a adxudicación dunha finca gravada cunha servidume de paso a favor doutra de súa propiedade e informe elaborado por arquitecto técnico, Víctor Ruppen Cañas.

Informe.- O inventario constitúe unha compilación de camiños municipais, súa enumeración e identificación a fin de poder exercer as obrigas legais destinadas á protección dos bens demaniais (conservación, mantemento, mellora) así como a defensa xurídica e administrativa establecidas no art. 82 e 68 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, que o Concello presume que son públicos.

Non constitúe un título de propiedade, pero si a presunción de que os camiños que se recollen no inventario son camiños que cumpren unha función pública asociada ao camiño, é dicir, que satisfacen unha necesidade propia da colectividade (uso indiscriminado pola poboación como vía de tráfico peatonal e/ou rodado para acceder a lugares, a parcelas, a núcleos de poboación, a igrexas, fontes e demais inmobles de servizo público e incluso de interconexión con outras vías de comunicación e incluso servir de soporte ás edificacións como forma de acceder aos inmobles). Precisamente por esta función de satisfacer necesidades da poboación, o Concello queda obrigado a seu mantemento, conservación e defensa.

O Inventario Municipal non ten natureza constitutiva nin probativa, logo como presunción de demanio público, pode ser recorrido por quen con mellor título poida acreditar que se trata dun camiño privado.

Como di Xavier Campillo Besses: *"Como es sabido, cuando se trata de caminos rurales, el título de adquisición del bien es habitualmente la posesión de la cosa desde tiempo inmemorial o, lo que es lo mismo, la dedicación del camino al uso público desde tiempo inmemorial. El estudio históricogeográfico de los caminos demuestra que, efectivamente, los caminos públicos tradicionales lo son como a consecuencia de un proceso histórico de naturaleza inmemorial, ya que la red de caminos rurales de uso público se origina en tiempo remoto. Por norma general, cuando se trata de caminos públicos, el municipio no ha adquirido la propiedad de una forma convencional (compra, expropiación, cesión, etc.) sino que es el propietario sin saber muy bien como, ya que la propiedad municipal de los caminos suele emanar de situaciones de hecho (la dedicación al uso público) que el tiempo tiende a consolidar por la vía de la prescripción inmemorial y que entrelazan con el saber y la costumbre local"*. Ao efecto acudiuse ao catastro do ano 1956, á rede viaria aprobada polo Concello Pleno no ano 1985, nas actas de cesión de vias subscritas cos titulares dos terreos que se edifican, nos proxectos de reparcelación no curso do desenvolvemento urbanístico do municipio, etc. A rede viaria do ano 1985 foi admitida pacificamente polos veciños do Concello xurdindo escasos conflitos de titularidade (dous supostos) que os tribunais resolveron.

Se o Inventario Municipal de Camiños non ten natureza constitutiva nin probativa, tampouco se lle debe esixir unha proba acabada ou completa do título de adquisición do ben inventariado, por conseguinte, desde unha perspectiva xeográfica, como criterio técnico e metodolóxico, parece lóxico e razoable esixir que sexan inventariados tódolos camiños dos cales haxa indicios suficientes (unhas veces serán máis sólidos, outras menos) sobre súa dedicación ao uso público no tempo presente ou ata épocas máis ou menos recentes. Estes indicios basaranse necesariamente no saber e na memoria histórica locais (por exemplo por medio do testimonio da xente viva de máis idade) e/ou tamen na documentación existente (de natureza cartográfica, histórica, administrativa, etc.).

Conclusión: Coa Rede de Camiños Municipais non se pretende obter un título constitutivo de propiedade de camiños, senón ter un inventario para a conservación, mantemento e defensa, daqueles que hai indicios suficientes sobre súa dedicación ao uso público.

2.- Nulidade do procedemento e do acordo de aprobación do Inventario de Camiños Municipais sobre a base do art. 62.1 e) da Lei 30/92, ou os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colegiados.

O inventario constitúe unha compilación de camiños municipais, súa enumeración e identificación co obxecto de poder exercer as obrigas legais destinadas a súa protección (conservación, mantemento, mellora) así como a defensa xurídica e administrativa establecidas no art. 82 e 68 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local.

O inventario non constitúe un título de propiedade, pero se a presunción de que os camiños que se recollen nel son camiños que cumpren unha función pública, é dicir, que satisfacen unha

necesidade propia da colectividade (uso indiscriminado pola poboación como vía de comunicación peatonal e/ou rodado para acceder a lugares, a parcelas, a núcleos de poboación, a igrexas, fontes e demais inmobles de servizo público, tamen de interconexión con outras vías de comunicación, e incluso servir de soporte ás edificacións para acceso aos inmobles). Precisamente por esta función de satisfacción de necesidades da poboación, o Concello queda obrigado a seu mantemento, conservación e defensa.

Como inventario de camiños forma parte do Inventario de Bens Municipais regulado no art. 17, 18 e 34 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/86 de 13 de xuño:

*“Artículo 17.*

*1. Las Corporaciones Locales están obligadas a formar inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.*

*2. Con sujeción a las normas contenidas en esta sección, se formarán inventarios separados de los bienes y derechos pertenecientes a Entidades con personalidad propia y dependientes de las Corporaciones Locales.*

*Igualmente, se formarán inventarios separados de los bienes y derechos pertenecientes a establecimientos con personalidad propia e independente, si la legítima representación correspondiere a las Corporaciones Locales.*

*Artículo 18.*

*En el inventario se reseñarán, por separado, según su naturaleza, agrupándolos a tenor de los siguientes epígrafes:*

*Inmuebles.*

*Artículo 20.*

*El inventario de los bienes inmuebles expresará los datos siguientes:*

*a. Nombre con que fuere conocida la finca, si tuviere alguno especial.*

*b. Naturaleza del inmueble.*

*c. Situación, con indicación concreta del lugar en que radicare la finca, vía pública a que diere frente y números que en ella le correspondiera, en las urbanas, y el paraje, con expresión del polígono y parcela catastral, si fuere posible, en las rústicas.*

*d. Linderos.*

*e. Superficie.*

*f. En los edificios, características, noticia sobre su construcción y estado de conservación.*

*g. Tratándose de vías públicas, en el inventario deberán constar los datos necesarios para su individualización, con especial referencia a sus límites, longitud y anchura.*

*Artículo 34.*

*El Pleno de la Corporación local será el órgano competente para acordar la aprobación del inventario ya formado, su rectificación y comprobación.”*

O procedemento seguido polo Concello para a aprobación do inventario é o seguinte:

Por Decreto da Alcaldía nº 980/11 de 10 de marzo de 2011, tomouse coñecemento da documentación presentada e procedeuse á exposición pública durante 20 días. A exposición dos planos e documentación que constitúe o inventario montouse na Casa CHARRY, sendo visitada polo público en horario de mañá (de 10 a 14h) e de tarde (de 17 a 19h) e os sábados de 10 a 13h. Anunciouse a través de BOP, no xornal “El Ideal Gallego” e na Web Municipal, taboleiros electrónicos instalados no termo municipal e no taboleiro de anuncios.

Presentáronse 92 alegacións (inclúe as dos servizos técnicos municipais): 47 solicitando a exclusión parcial da Rede de Camiños Municipais, 18 solicitando a incorporación dos camiños existentes na rede, 8 de corrección de trazado e 19 sobre outros contidos.

Polo Concello Pleno en sesión de 26 de xaneiro de 2012, resolvéronse as alegacións presentadas e aprobouse a REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

A única referencia ao procedemento a seguir para a aprobación da Rede de Camiños, dada a natureza xurídica de inventario ou compilación de camiños, é a que fai o art. 34 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/86 de 13 de xuño, que establece o Concello Pleno como órgano competente para súa aprobación.

.En garantía dos dereitos dos cidadáns estimouse convinte a exposición pública, fomentando a participación dos cidadáns en orde a completar información sobre os camiños. Resolvéronse tódalas alegacións presentadas e finalmente adoptouse o acordo definitivo.

Por isto conclúese que non se da a causa de nulidade do art. 62.1 e) da Lei 30/92, pois non só aprobouse polo Pleno Municipal, único requisito esixido pola normativa para a aprobación do inventario, senón que ademais se completou coa exposición pública e participación cidadá, e súa difusión a través de variedade de medios de comunicación para xeral coñecemento da poboación.

Ao non ter natureza de título para adquisición de propiedade dos camiños, senón de mera presunción de posesión, non pode esixirse outro procedemento para súa aprobación. O art. 70 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais -alegado polos recorrentes- fai referencia á prerrogativa de deslinde e forma parte do apartado de PRERROGATIVAS DAS ENTIDADES LOCAIS RESPECTO A SEUS BENS e precisamente para poder exercer as prerrogativas, antes deberá determinarse que se trata dun ben municipal. De aí que non sexa aplicable o procedemento de deslinde do art. 70 do RB para aprobar o inventario de camiños ou rede viaria, primeiro haberá que determinar que é camiño público municipal e logo no seu caso, proceder ao deslinde, se fose necesario.

A Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, derogou a Lei 89/1962 de 24 de decembro, de Bases do Patrimonio do Estado e seu Texto Articulado, aprobado por Decreto 1022/1964, de 15 de abril, citada polos recorrentes.

3.- Titularidade do camiño, sobre a base da documentación aportada.

Comprobado o catastro de rústica do ano 1955-56, vemos que o camiño xa existía, as fincas referenciadas como Finca I equivale á referenciada como 37 a. e 37 b. (casa e labradío) que figuraban a nome de Ramón Montero Barral e a Finca II que equivale á referenciada como 36, figuraba a nome de Felipe Rioboo Alvarez.

Ao día de hoxe a disposición da Finca I varía, dado que aparece dividida en dúas porcións de solo urbano: unha porción referenciada 6583202-NH5968S e titularidade catastral: María Aurora Montero Núñez, cunha superficie de 752.00 m<sup>2</sup> e con fronte e enderezo a Rúa da Picota 3 e 5 e a outra porción que non da fronte a este vial pero si seu acceso a través da anterior con referencia catastral 6583213-NH5968S e titularidade catastral: Benito Blanco Becerra, cunha superficie de 520.00 m<sup>2</sup> e con enderezo Rúa da Picota, 1.

A escritura nº 1226 de 13 de decembro de 1969 outorgada ante o Notario de Betanzos, Julián Marcos Alonso, resulta que D. José Ramón Montero Barral a adquiriu por donación de D. Antonio Montero Aradas e descríbese así:

*"Municipio y parroquia de Oleiros, Labradío en el lugar de AGRA DA EDREIRA, de tres ferrados y dos cuartillos o sea trece áreas sesenta y nueve centiáreas. Linda Norte de Juan Freire y Manuel Arevalo, Sur camino de carro; Este, Felipe Riobóo y Oeste Eduardo Barral."*

A descrición que se fai na copia da escritura de testamento outorgado por D. José Ramón Montero Barral (escritura nº 1225 de 8 de novembro 1984 ante o Notario de Betanzos, D. Francisco Manuel López Sánchez, no apartado C de adxudicacións á filla M<sup>a</sup> Aurora Montero Núñez, describe a parcela catastral 6583202-NH5968S (porción da finca que os solicitantes denominan "Finca I"):

*"Municipio y parroquia de Oleiros.*

*1.- Casa de planta baja y piso de tipo rural sita en el lugar de AGRA DA EDREIRA, que ocupa unos sesenta y tres metros cuadrados y con una superficie total de terreno, con lo que ocupa dicha casa y una bodega unida de 28 m<sup>2</sup>, de ocho áreas y diez centiáreas. Linda Norte, casa de la misma adjudicataria; Sur, camino de carro; Este, Felipe Riobóo y Oeste, herederos de Eduardo Barral. Esta finca está gravada con una servidumbre de paso de tres metros de ancho desde el camino hasta la casa de María Aurora Montero Nuñez." (parcela catastral 6583213-NH5968S, a outra porción da finca que os solicitantes denominan "Finca 1").*

A finca rexistral nº 14.771 (actual Mercadona) do Tomo 2383, libro 340, folio 102, descríbese así:

*"Linda Norte, carretera de Sada; Sur, labradío de Manuel Barros, Manuel Conchado y José Dans; Este, finca de Manuela Candamio, Antonio Montero, Eduardo Barral y otros, camino en medio; Oeste, terrenos de Eduardo Barral y además interiormente con terrenos de FENOSA."*

Ao día de hoxe a disposición da Finca II practicamente non varía, súa clasificación urbanística é Solo Urbanizable Non Programado (SUND. B-21R), súa referencia catastral actual é de rústica Polígono 20 - Finca nº 336 cunha superficie de 2.223,00 m<sup>2</sup>. e seus titulares catastrais: Carlos Añón Pereiro e Susana Blanco Montero.

**Catastralmente (parcela nº 15059A020003360000TT) ten 2.410 m<sup>2</sup>, igual que no título de propiedade: Escritura 1222 de 10 de decembro de 1996 outorgada ante o Notario de Oleiros D. Rafael Benzo Sainz. A cédula catastral pon de manifesto que nesta superficie da parcela está excluído o camiño, é dicir, a parcela ten as dimensións superficiais do título (2.410 m<sup>2</sup>), sen sufrir diminución ningunha pola existencia do camiño, como así ocurriría se o camiño fora de servizo a superficie da cédula catastral sería menor á do título).**

**Conclusión:** Para reclamar a propiedade privada de terreo utilizado como camiño debe acreditarse mediante título de propiedade e os títulos obrantes no expediente poñen de manifesto que:

- A finca I (catastrais 6583202-NH5968S e 6583213-NH5968S) da fronte a camiño de carro polo que a propiedade se estende a partir do linde ao fronte do camiño. No interior da parcela catastral 6583202-NH5968S existe unha servidume de paso para a catastral 6583213-NH5968S.

- A finca II (catastral 15059A020003360000TT) ten tanto en escritura pública como en cédula catastral 2.410 m<sup>2</sup> (excluído o camiño) polo que non pode reivindicar o viario público á que da fronte como de titularidade privada.

- Por outra parte ao día de hoxe este vial está urbanizado e ampliado dado que neste fronte existe a cesión de viais de 614'74 m<sup>2</sup> realizada en expediente de edificación (33/02) e apertura (33/02-65) para reforma e ampliación do proxecto presentado por LUA ESTRELA, S.L. e 28/05 a nome de MERCADONA ou finca catastral 6382602NH5968S0001LS de 4.883m<sup>2</sup>. Mais adiante seguindo o mesmo trazado o vial segue ampliado e urbanizado polo encontro da primeira fase executada do plan parcial do SUNP. B-25-R, tal como pon de manifesto a reportaxe fotográfica obrante no expediente. Na inscrición rexistral figuran 5.591'20m<sup>2</sup> e catastralmente ten 4.883m<sup>2</sup>, o que pon de manifesto a materialización de cesión de viais efectuada.

Polo Departamento de Servizos Municipais emitiuse informe que pon de manifesto accións de mantemento e conservación do camiño por parte do Concello e cuxo teor literal di:

*"El Departamento de Servicios Municipales ha remitido informes del xerente de servicios municipales el 25 de mayo de 2012, que ponen de manifesto acciones de mantenimiento y conservación del camino por parte del Ayuntamiento:*

➤ *Que tanto en la rúa Picota (Oleiros) como en la rúa Goberna (Dorneda), desde este Departamento, bien directamente, bien a través de la empresas adjudicatarias de contratos de mantenimiento de servicios de este Ayuntamiento, se mantienen activos los siguientes servicios:*

- *Limpieza viaria y barrido periódico*
- *Vaciado y limpieza de registros de la red de aguas pluviales*
- *Control, mantenimiento y reposición de elementos del alumbrado público*
- *Desherbado de malezas en bordillos y cunetas*

➤ *Se adjuntan listados de algunas órdenes de trabajo realizadas en los últimos años."*

0020032823	08-10-2003	FAROLA FUNDIDA A LA ALTURA DEL Nº 1 R. DA PICOTA	SERVICIOS MUNICIPAIS	CENTRALITA AYT	030	0,00	0,00
0020061575	19-05-2006	ATASCO DO SANEAMENTO NA R. DA PICOTA Nº 66	SERVICIOS MUNICIPAIS	SE JAVIER	016	0,00	0,00
0020070476	05-02-2007	FAROLA FUNDIDA NA R. DA PICOTA Nº 1	SERVICIOS MUNICIPAIS	CENTRAL DE TEL	036	24,90	2,00
0020083546	06-11-2008	NON FUNCIONA A ILUMINACIÓN PÚBLICA NA R. DA PICOTA	SERVICIOS MUNICIPAIS	ENCARGADO MER	036	253,29	11,00
0020083660	30-09-2008	FAROLA FUNDIDA NA R. DA PICOTA ESQ. CINA AVD. NUÑEZ MON	SERVICIOS MUNICIPAIS	RAMON LEMA	036	14,80	1,00
0020101692	06-09-2010	TRABALLOS VARIOS NO CUBÍCULO DE CONTENEDORES NA R. D	SERVICIOS MUNICIPAIS	ELISEO	011	0,00	2,00
0020103224	24-09-2010	SEN ALUMBRADO PÚBLICO NA ZONA DO MERCADONA, POSIBLE	SERVICIOS MUNICIPAIS	VECINO	030	0,00	3,00
0020103507	25-10-2010	SEN ALUMBRADO PÚBLICO NA R. DA PICOTA	SERVICIOS MUNICIPAIS	VECINO	030	0,00	5,00
0020104375	24-01-2011	FALLA O ALUMBRADO NA R. DA PICOTA	SERVICIOS MUNICIPAIS	JOSE PEY - VECIN	011	0,00	2,00
0020112956	30-11-2011	QUITAR FRONTAL DO CUBÍCULO DE CONTENEDORES NA R. DA P	SERVICIOS MUNICIPAIS	PEUNSON TRABAL	021	11,20	20,90
						<b>264,29</b>	<b>45,90</b>

A Lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia regula as serventías no Capítulo VII art. 76 e seguintes :

*"Artículo 76.*

*La servientía es el paso o camino privado de titularidad común y sin asignación de cuotas, cualquiera que sea lo que cada uno de los usuarios o causantes hubiera cedido para su constitución, que se encuentra establecido sobre la propiedad no exclusiva de los colindantes y que tienen derecho a usar, disfrutar y poseer en común a efectos de paso y servicio de los predios.*

*Artículo 77.*

*Si algún titular de los colindantes acreditara la adquisición exclusiva de la parte del paso o camino que discurre sobre su propiedad, quien alegue la existencia de servientía habrá de probar su constitución, que podrá ser declarada frente al que se opone al paso, en beneficio de la comunidad, sin necesidad de intervención de los demás cotitulares, quienes se aprovecharán de las resoluciones favorables sin que los perjudiquen las adversas.*

*Artículo 78.*

*Salvo prueba en contrario, se presume la existencia de servientía:*

- 1. Si las fincas forman o formaron parte del agro, agra o vilar, y se prueba el uso continuo.*
- 2. Cuando el paso o camino fue establecido en la partición de herencia o división de cosa común como servicio para todas o alguna de las fincas resultantes.*
- 3. Si el camino aparece referido como colindante en los títulos de las fincas que se sirven por él.*
- 4. Cuando el paso o camino es usado por los colindantes para acceder a sus fincas situadas sin otra salida a camino público.*

*Artículo 79.*

*Ningún cotitular de la servientía podrá ejercitar la acción de división.*

*Artículo 80.*

*Todos los partícipes están obligados a contribuir, a partes iguales, con los gastos de conservación de la servientía en los términos que acuerde la mayoría.*

*Artículo 81.*

- 1. Cualquier modificación o alteración de la servientía requerirá el consentimiento unánime de los copropietarios.*
- 2. No obstante, si el trazado del paso o camino dentro de los predios aportados para la constitución de la servientía impidiera al copropietario realizar en el resto del suyo obras, reparaciones o mejoras importantes, podrá variarse por su cuenta siempre que ofrezca en el predio otro lugar igualmente idóneo y de forma que no resulte perjuicio grave para los demás cotitulares de la servientía."*

No suposto que analizamos, nin M<sup>a</sup> SUSANA BLANCO MONTERO nin M<sup>a</sup> AURORA MONTERO NUÑEZ, aportaron títulos que acrediten que o camiño en cuestión se constituíu pola cesión de parte de súa propiedade ou que procede de partición de herdanza ou división da cousa común tal como establece o art. 76, 77 e 78 da Lei 2/2006, para ser considerado de servientía.

Tampouco se aporta documentación ningunha sobre conservación e mantemento do camiño tal como esixe o art. 80 da citada e o paso ou camiño é usado desde hai anos por tódolos cidadáns e non só polos colindantes para acceder a súas fincas, tendo actualmente o camiño en cuestión conexión con Rúa Manuel de Falla.

Finalmente, en canto ao ancho da vía, figura un ancho medio de 12'5 m, é dicir, trátase de anchura media, sendo o ancho ao longo de seu trazado o existente na realidade, pois é o que discorre entre os peches dos titulares e o Supermercado Mercadona, tal como se reflexa na reportaxe fotográfica.

Por isto conclúese que procede desestimar o recurso de reposición presentado por M<sup>a</sup> SUSANA BLANCO MONTERO o 27.03.12, n<sup>o</sup> 4075 e M<sup>a</sup> AURORA MONTERO NUÑEZ o 27.03.12, n<sup>o</sup> 4078, contra a aprobación definitiva da Red de Camiños Públicos Municipais, ao non concurrir a causa de nulidade nin anulabilidade alegada nin acreditar a titularidade do camiño 938 como de propiedade privada, nin cumprir as condicións da Lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia para súa consideración como de servientía.

**5.- PEDRO GAREA GESTAL, de 28.03.12, n<sup>o</sup> 4182,**

Solicita que se exclúa do Inventario de Camiños o 679 Rúa de Goberna, alegando:

- únicamente é utilizado polas fincas que colindan co camiño ao existir unha servidume de paso ata as mesmas.
- non ten saída a ningún lugar
- non existe ningún servizo municipal
- nos planos do catastro do ano 1958 non figura grafiado o camiño

Informe.- O inventario constitúe unha compilación de camiños municipais, súa enumeración e identificación a fin de poder exercer as obrigas legais destinadas á protección dos bens demaniais (conservación, mantemento, mellora) así como a defensa xurídica e administrativa establecidas no art. 82 e 68 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, que o Concello presume que son públicos.

Non constitúe un título de propiedade, pero si a presunción de que os camiños que se recollen no inventario son camiños que cumpren unha función pública asociada ao camiño, é dicir, que satisfacen unha necesidade propia da colectividade (uso indiscriminado pola poboación como vía de tráfico peatonal e/ou rodado para acceder a lugares, a parcelas, a núcleos de poboación, a igrexas, fontes e demais inmobles de servizo público e incluso de inteconexión con outras vías de comunicación e incluso servir de soporte ás edificacións como forma de acceder aos inmobles). Precisamente por esta función de satisfacer necesidades da poboación, o Concello queda obrigado a seu mantemento, conservación e defensa.

No suposto do vial 679 Rúa de Goberna, figura como público xa na Rede Viaria aprobada polo Concello Pleno en sesión de 14 de novembro de 1985, polo que transcorriron mais de 27 anos de presunción do camiño é público sen que se tivera establecida reclamación xudicial en orde á privacidade do camiño. O artigo 609 do Código Civil establece que a propiedade e os demais dereitos sobre os bens se adquiren, entre outras, pola ocupación e tamen por prescripción. Así o art. 1940 do Código Civil dispón que para a prescripción ordinaria do dominio e demais dereitos reais se necesita posuír as cousas con boa fé e xusto título polo tempo determinado na lei e que a posesión debe selo en concepto de dono, pública, pacífica e non interrompida (art. 1941). O dominio e demais dereitos reais sobre bens inmobles prescribese pola posesión durante dez anos entre presentes e vinte entre ausentes, con boa fé e xusto título. De aí que teña transcorrido tempo suficiente para a presunción de que se trata dun camiño público e en consecuencia se inclúa dentro do Inventario de Camiños.

En cambio o recorrente non aporta título ningún no que acredite a titularidade privada do camiño, nin tampouco documenta a servidume alegada. Polo Concello téñense mantido e conservado os servizos existentes neste camiño, como pon de manifesto o informe emitido polo Xerente de Servizos Municipais o 25 de maio de 2012:

- Que tanto en la rúa Picota (Oleiros) como en la rúa Goberna (Dorneda), desde este Departamento, bien directamente, bien a través de la empresas adjudicatarias de contratos de mantenimiento de servicios de este Ayuntamiento, se mantienen activos los siguientes servicios:
  - Limpieza viaria y barrido periódico
  - Vaciado y limpieza de registros de la red de aguas pluviales
  - Control, mantenimiento y reposición de elementos del alumbrado público
  - Desherbado de malezas en bordillos y cunetas
- Se adjuntan listados de algunas órdenes de trabajo realizadas en los últimos años.”

24/11/2005	HAI UNHA FAROLA CHEA DE AUGA NA R/ DA GOBERNA	SERVICIOS MUNICIPAIS	UN VECIÑO
26/06/2007	REBOSE DE FECAIS NA RÚ DA GOBERNA N° 2 (DORNEDA).	SERVICIOS MUNICIPAIS	UN VECIÑO
25/08/2008	REBOSE DE FECAIS NUN REXISTRO DA RÚA GOBERNA N° 2	SERVICIOS MUNICIPAIS	UN VECIÑO
30/07/2010	ATASCO NO SANEAMENTO DA RÚA DAS GOBERNAS N° 12, LORBÉ	SERVICIOS MUNICIPAIS	UNHA VECIÑA

Ten subministro de augas, sumidoiro e alumeadado público.

Tamén dos expedientes tramitados para o outorgamento de licenza (expediente nº 40/93 a nome de Jose Luis Veiga Ares), resulta que cedeu 172 m2 para o camiño e ademais segundo a escritura de compravenda nº 2.826 outorgada ante Notario D. Fernando Alba Puente o 10 de outubro de 1988, a finca describíese así: “al sitio que denominan ABELEIRAS de cabida 6 áreas y veintisiete ca, y medida recientemente resultó tener cuatro áreas, ochenta y cinco centiáreas. Linda al norte, su frente con carretera que de Abeleiras se dirige a Meiras y Santa Cruz; Sur, su espalda,

terreno de los herederos de Gil Arévalo Taibo, hoy camino público; Este, izquierda entrando con Josefa García Pita, hoy herederos de Jesusa Piita y Oeste, derecha entrando con dicho terreno de los herederos de Gil Arévalo Taibo, hoy camino público.”

Da escritura aportada nº 2.729 outorgada o 21 de agosto de 1976 ante o notario D. Fernando Alba Ponte, dedúcese que D. PEDRO GAREA GESTAL non é titular do camiño, que o mesmo pertenceu a Dª Marina Freire e que sobre o mesmo tiña un dereito de paso con calquera tipo de vehículo, dereito que segue tendo e incluso en mellores condicións de mantemento e conservación e con alumeado público. Ademais, en escrituras públicas o camiño xa aparece como público, en consecuencia non ten lexitimación para reivindicar a titularidade privada do camiño pois carece de título de propiedade sobre o mesmo. A Rede Viaria do ano 1985 xa o incorporou como público, sen que se tivera reclamado xudicialmente a propiedade sobre o mesmo.

Por isto conclúese que procede desestimar o recurso presentado por D. PEDRO GAREA GESTAL o 28.03.12, nº 4182, por non ser titular do camiño como se acredita da documentación aportada e ao terse obtido por prescripción desde o ano 1985, en que se aprobou a Rede de Camiños Municipais, sendo o Concello de Oleiros quen procede á conservación e mantemento do camiño e dos servizos que por el discorren, sen manifestación veciñal de oposición ningunha durante os 27 anos transcorridos e sen que conste corrección catastral de titularidade sobre o mesmo.

**6.- JOSÉ MANUEL DIAZ GARCIA e OUTRA, de 28.03.12, nº 4128.**

Solicita a inclusión do camiño nº 527 da Rede de Camiños Municipais aprobada polo Concello Pleno en sesión de 14 de novembro de 1985 e que durante a exposición pública do novo documento de Inventario de Camiños Municipais figuraba co nº 10527 e que logo na aprobación definitiva se eliminou.

Aporta para súa acreditación:

Escritura de protocolización nº 1380 de 13 de novembro de 1995 outorgada ante a Notario Mª Teresa García Vila, na que se describe o labradío denominado MUIÑEIRA de sete áreas vinte e un centiáreas, equivalentes a un ferrado quince cuartillos. Linda: Norte, labradío de Manuel Pita; Este, labradío dos herdeiros de D. Felipe Urioste; Sur, labradío de Antonio García e Oeste, camiño de carro.

Figura tamen no catastro de 1955-56 e ademais na Rede de Camiños do ano 1985.

Procede estimar como camino público e incorporalo no Inventario de Camiños Municipais (figuraba no documento de exposición co nº 10527) .

**7.- JESUS-RICARDO SANCHEZ BESTILLEIRO e Outros, de 30.03.12, nº 4226.**

O camiño non figura na Rede Viaria de 1985, catastralmente non parece incorporado a ningunha finca. Carécese de títulos de propiedade para poder comprobar se lindan con camiño público, de servizo (privado) ou servidume.

Non existe indicio ningún para súa consideración como camiño público, o feito de que pasen as redes de subministro implica unha servidume tácita. Por isto conclúese que o escrito constitúe unha manifestación de vontade en orde á publicación do camiño, non obstante debe materializarse mediante cesión polo titular ou titulares do camiño, que se presume privado, ben de servizo privativo dos colindantes ou ben de servidume, sendo titular o do predio servente.

Por isto conclúese que é un camiño privado. Sen prexuízo de que os titulares realicen a cesión do mesmo ante notario, en cuxo caso procedería adoptar acordo de aceptación e inclusión no Inventario de Camiños Municipais.

**8.- FERNANDO PEREZ SUAREZ, de 16.04.12 nº 5143.**

Solicita que se modifique a lonxitude do vial 630, de maneira que finalice na parcela catastral nº 001200800NH59D0001EX, tal como se grafiaba na Rede Viaria aprobada polo Concello Pleno en sesión de 14 de novembro de 1985. A partir da parcela catastral citada, o camiño non aparece como tal en ningún documento público das diferentes parcelas que se suceden desde a referenciada ata súa conexión co vial 803 (Cainceiras), nalgunhas zonas aparece como camiño, servidume de paso e vía de saca das distintas parcelas rústicas de protección forestal e que preferentemente son e están arboradas a diferenza do que figura na ficha de datos.

O escrito pon de manifesto que o camiño é utilizado sen restrición ningunha, aínda que sexa para saca forestal. Logo non téndose aportado título ningún no que conste que o camiño é privativo a

partir da parcela catastral nº 001200800NH59D0001EX, procede desestimar o recurso presentado confirmando que o camiño é público en toda súa extensión, tal cal está grafiado o vial 630 no inventario.

**9.- ROBERTO LOPEZ GONZALEZ e OUTRO, de 20.04.12, n° 5434.**

Solicitan que se prolongue o vial 797 recoñecéndoo como público no fronte das fincas catastrais 001501400NJ50C0001XD e 15059A006000960000TZ.

Aportan escrituras públicas nº 292 outorgada o 7 de marzo de 1987 ante o Notario de Betanzos Joaquin Delibes Senna-Cheribbo, de agrupación de fincas e subsanación de 19 de abril de escritura nº 464 outorgada o día 10 de abril de 2012, nas que figura que hai 62 m2 destinados a camiño público (diferencia entre os 437'15 m2 - 375'15 m2).

Procede estimar e prolongar o vial 797 tal como figura na solicitude.

**10.- Mª DEL CARMEN ROEL BARREIRO, de 25.04.12, n° 5703.**

Solicita a eliminación do vial nº 678, ao ser de titularidade privada, formando parte de súa parcela catastral nº 5420905NJ5052S.

Aporta escritura nº 219 outorgada ante o Notario de Cambre D. Francisco-Javier Pérez-Tabernero Olivera, o día 9 de marzo de 2010, na que pon de manifesto que o que se grafiaba como camiño constitúe a "era de majar", propia dunha vivenda rural de labranza e que forma parte da finca catastral nº 5420905NJ5052S.

Por isto procede estimar o recurso presentado e correxir o grafiado do ramal vial nº 678, eliminando a parte incluída ao interior da finca catastral antes referenciada.

**11.- CORRECCION DE OFICIO DO GRAFIADO DO RAMAL VIAL Nº 134 (Rúa AREAL) que debe grafiarse paralelo ao edificio e non en medio das dúas edificacións existentes. A fotografía aérea pon de manifesto a confusión de espazo de terrazas entre ambos edificios con camiño."**

**Por todo isto ao Pleno do Concello propónse que se adopte o seguinte acordo:**

**Primeiro.**- Estimar os recursos de reposición presentados por LUIS GOMEZ ARAUJO, EDUARDO SOLORZANO MIRANDA (n° 2823 e 2822 de 06.03.12); JOSE MANUEL DIAZ GARCIA e OUTRA; ROBERTO LOPEZ GONZALEZ e OUTRO; Mª DEL CARMEN ROEL BARREIRO, no sentido que figura no informe emitido.

**Segundo.**- Desestimar os recursos de reposición presentados por EDUARDO SOLORZANO MIRANDA nº 2821 e nº 2820; RAMON HERMIDA OREONA e OUTRO; Mª SUSANA BLANCO MONTERO, escrito nº 4075 e Mª AURORA MONTERO NUÑEZ, escrito nº 4078; PEDRO GAREA GESTAL e FERNANDO PEREZ SUAREZ, de conformidade ao informado.

**Terceiro.**- Corrixir o erro observado de oficio en relación ao grafiado do RAMAL VIAL Nº 134.

**Cuarto.**- Requerir á EMPRESA DITECAR CARTOGRAFIA Y TOPOGRAFIA S.L. para que proceda a introducir as correccións derivadas da estimación dos recursos presentados, editando o número de exemplares da documentación que constitúe a Rede Viaria Municipal, de conformidade coas prescricións técnicas do contrato suscrito o 6 de outubro de 2010.

**Quinto.**- Notificar este acordo a tódolos recurrentes.

**Sexto.**- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos arts. 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao que reciba a notificación do presente acordo."

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta do Concello de Oleiros, 1 de agosto de 2012.-

